## DENDE 1976 a 2012

Na primavera do ano **1972** os Mestres da Comarca de Negreira, coa súa obsesión na formación integral da persoa: convivencia, responsabilidade e participación, orgaízan os **XOGOS ESCOLARES INTERCOMARCAIS**, naquela repártense 26 trofeos e 79 medallas entre os nenos e as nenas participantes.
A actividade medra.
Unha vez agrupáda-las escolas nos Colexios Nacionais de Educación Xeral Básica, a primeira participación da que tense referencia do Centro de Portomouro é da primavera do ano 1976 na Festa da Árbore.

Vense participando na Campaña do deporte en 1ampe Escolar ata o ano **1980**.

Xa partícípase nos Xogos Escolares Intercomarcais **1981** orgaízados polo Colexio de Santa Comba e acúdese a Esteiro –Muros para correr no Trofeo Médico Ricardo Tobío de campo a través **1981.**

Val do Dubra, acolle os Xogos Escolares Intercomarcais **1982**, onde hai dúas fases: Cultural e Deportiva. Participan os Centros de Negreira, A Baña, Santa Comba, San Cosme de Antes, Pino de Val, Zas, Baio, Ponteceso, Cabana, Bembibre e Portomouro. Entréganse 123 trofeos e 1.038 medallas. O Colexio de Portomouro participa en balonmán, campo a través, atletismo, xadrez, fútbol e baloncesto. Acádanse 20 podios e foron o punto de partida para inicia-la práctica deportiva no Centro.
En Esteiro,partícípase no campo a través Médico Ricardo Tobío **1982**.

Acudimos ó Colexio de Cabana para participar nos Xogos Escolares Intercomarcais **1983** en xadrez, balonmán, tenis de mesa, campo a través e atletismo. Lógranse 17 podios.
En Rianxo corrémo-lo campo a través Castelao **1983.**

Foi o Colexio de Negreira a sede dos Xogos Escolares Intercomarcais **1984**. O Colexio de Portomouro participa en xadrez, tenis de mesa, campo a través e balonmán. Sube ó podio 19 veces.

Xurdindo da actividade deportiva desenrolada no Centro iníciase a creación da **AGRUPACIÓN DEPORTIVA DUBRATAMBRE** por iniciativa da Asociación de Pais do Colexio de Portomouro co fin de desenrolar actividades físicas e deportivas entendidas na liña do deporte para todos e do tempo libre; favorece-lo desenvolvemento de relacións profundas e maduras; favorece-lo xogo, a diversión instructiva e a actividade deportiva para a saúde; fomentar, promocionar e divulga-la idea do ejercicio físico e o deporte en xeral, pois recoñece que son un medio ó servicio do pleno desenrolo da persoa e desenrólanse as capacidades de: o autocoñecemento ou aprender e detecta-las fortalezas e debilidades; a escala de valores ou axuda á creación dunha escala de valores que móvennos, que hai que poñer en común e adaptar se se traballa en equipo; a capacidade de reflexión, a práctica deportiva fomenta que fagámonos preguntas como ¿qué sucedíu? ou ¿cómo fixen?; a comunicación, non só verbal, senon tamén xestual, necesítase establecela e interpretala para poder traballar en equipo; o traballo en equipo; a planificación estratéxica ou establece-los obxectivos, preparación e recursos necesarios e coma repartilos; a adaptación ó medio; a resistencia á adversidade, onde apréndese máis da derrota ca da victoria; a formación contínua no deporte é unha constante; a intelixencia interpersoal é imprescindible nos deportes por equipos; o respeto á diversidade; a automotivación, encontra-la forma de motivarse a sí mesmos; a creatividade que leva consigo a innovación; a anticipación ós acontecementos e á preparación para o liderazgo.
Son os seus promotores: Manuel Corzón Fajín, Manuel Vázquez López, Juan Manuel Turnes Souto, Amador Vilacoba Suárez (Q.E.P.D.) e Baldomero Amigo Abeledo.

Os Xogos Escolares Intercomarcais **1985** teñen coma sede o Colexio de Zas.
Co argumento de darlle continuidade e divulgación ás actividades deportivas, intégranse os XOGOS no Programa Autonómico do Deporte Escolar da Xunta de Galicia. Portomouro acada 4 podios en tenis de mesa a nivel provincial.
Acúdese ó campo a través Médico Ricardo Tobío **1985** de Esteiro.
Dáda-las circunstancias de gran acollida da actividade de tenis de mesa, a AGRUPACIÓN DEPORTIVA DUBRATAMBRE, orgaíza o seu torneo primavera de tenis de mesa **1985**, con categorías para mulleres e para homes: alevín, infantil, cadete e senior.
A Agrupación orgaiza no mes de agosto o torneo de fútbol sala.
Tamén celébrase o torneo nadal de tenis de mesa **1985** con categorías mixtas: alevín, infantil, cadete e senior.

En Brión, xóganse os Xogos Escolares **1986**, conqueríndose na fase provincial ,celebrada en Ferrol, 4 podios.
No mes de xuño faise o torneo primavera de tenis de mesa **1986** con categoría única femenina e as masculinas: alevín, infantil, senior aficionado e senior federado.
No mes de decembro e nas mesmas categorías xógase o torneo nadal de tenis de mesa **1986**.
En Esteiro participamos no torneo nadal de tenis de mesa **1986** orgaízado pola S.C.R.D.Esteirana.

O Colexio de A Baña orgaíza os  Xogos Escolares **1987**.
En A Coruña lógranse, na fase provincial, 6 podios.
Por vez primeira acúdese á cidade de Lugo para participar na Fase Galega Escolar de Voleibol, o podio acadado é de prata.
En tenis de mesa e xadrez orgaízanse os torneos primavera e nadal **1987.**
En Esteiro participamos no torneo de tenis de mesa **1987** da S.C.R.D.Esteirana.

Os Xogos Escolares **1988** celébranse nas instalacións do Colexio de Santa Comba; conquírense 4 podios nos campionatos Escolares Provinciais.
Faise a xornada VEN A XOGAR CONNOSCO de 10 da mañán a 10 da noite no mes de xuño **1988**; baloncesto, carreiras, balonmán, voleibol, futbito e ximkana foron as actividades desenroladas.
Ó longo do ano académico faise a liga de actividades deportivas por Parroquias.
No nadal orgaízanse os torneos de xadrez e de tenis de mesa **1988**.
Córrese por vez primeira a Carreira Pedestre Popular de Santiago de Compostela **1988**.

As instalacións do Colexio de Pino de Val acolleron os  Xogos Escolares **1989**.
Na Fase Provincial subimos ó podio 7 veces. En tenis de mesa alcánzase na cidade de Lugo o podio de prata da Fase Escolar Galega.
Repítese no mes de xuño a xornada de 12 horas de campo a través, fútbol, xadrez, ximkana, baloncesto, voleibol, tenis de mesa e balonmán.
Publícase a revista **XOGA**, que recolle os resultados das actividades deportivas acadadas cada ano académico ou tamén temporada deportiva.

No ano **1990**, déixanse de celebra-los Xogos Escolares Intercomarcais orgaízados polos Colexios da Comarca ó integrárense definitivamente no Programa do Deporte en Idade Escolar da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
Nos Xogos Escolares Provinciais **1990**, acadamos 7 podios. As nenas de tenis de mesa son campionas galegas en A Garda-Pontevedra.
Orgaízase o torneo nadal de tenis de mesa.No mes de xuño faise a xornada XOGA en fútbol,balonmán,voleibol e baloncesto.
A actividade de tenis de mesa inscríbese nas Federacións Galega e Española de Tenis de Mesa.

## 1991

Nos Xogos Escolares Provinciais **1991** acádanse 7 podios.
Na Fase Escolar Galega conquírense 3 podios en voleibol e tenis de mesa.
Na actividade de tenis de mesa participamos no Campeonato Galego Infantil Federado **1991**.
En Sanlúcar de Barrameda-Cádiz, participamos nos Campionatos de España Infantís de Tenis de Mesa **1991,** con dous Equipos: Femenino, formado con María do Carme Vilariño Rodríguez e Rosa María Pedrouzo Rodríguez e o Equipo Masculino con Orlando Conde Vázquez e Antonio Pérez Lata.

## 1992

De A Coruña traemos 5 podios provinciais dos Xogos escolares **1992**.
En Viveiro-Lugo, os nenos logran o Campeonato Galego en tenis de mesa.
Particípase no Campeonato de España Alevín e Infantil de Tenis de Mesa **1992,** en Luarca-Asturias. Alevíns son: Raquel Noya Iglesias, María Soledad Domínguez Ferreño, Patricia García Vieito, 4ampeo Pulleiro Paredes e Montserrat Pérez Lata;no Equipo Infantil Masculino xogan: Orlando Conde Vázquez, Antonio Pérez Lata e Xesús Viña Baleato; no Equipo Infantil Femenino participan: Susana María Iglesias Blanco, Raquel Noya Iglesias, María Soledad Domínguez Ferreño, Patricia García Vieito, 4ampeo Pulleiro Paredes e Montserrat Pérez Lata.
Compítese na Liga de Segunda División Nacional Femenina de tenis de mesa, ascéndese á Primeira División Nacional Femenina.
Lógrase o primeiro posto da Liga e Ascenso da Liga de Segunda Categoría Provincial Masculina de tenis de mesa ascendendo á Liga de Primeira Categoría Provincial.

## 1993

Na fase provincial do deporte escolar **1993**, acádanse 8 podios.
Na fase galega lógrase o ouro en voleibol femenino en Ourense e en tenis de mesa masculino e femenino en Poio-Pontevedra.
Na modalidade federada de tenis de mesa acádanse 9 podios.
Ascéndese á Terceira División Nacional Masculina de Tenis de Mesa.
Debútase na Primeira División Nacional Femenina, quedando terceiros na Liga.
En Santa Coloma de Gramenet-Barcelona, participamos no Campeonato de España Alevín e Infantil **1993** de Tenis de Mesa. Alevíns son: Vanessa Pulleiro Paredes e Montserrat Pérez Lata; no Equipo Infantil Masculino compiten Orlando Conde Vázquez e Antonio Pérez Lata; o Equipo Infantil Femenino, fanno: Monserrat Pérez Lata e Vanessa Pulleiro Paredes.
Corrémo-la Carreira Pedestre Popular **1993** de Santiago e no campo a través Médico Ricardo Tobío **1993** de Esteiro.

## 1994

Dez podios gáñanse na Fase Provincial Escolar **1994**, celebrada en A Coruña.
Na Fase Galega Escolar, orgaízada pola **AGRUPACIÓN DEPORTIVA DUBRATAMBRE**, no Concello de Val do Dubra, acádanse 4 podios.
O 4 de xuño a AGRUPACIÓN DEPORTIVA DUBRATAMBRE, 4ampeon a Fase Alevín Intercomarcal **1994** do Deporte en idade escolar; entréganse 40 trofeos deseñados co original prato da A.D.Dubratambre da Fábrica de Sargadelos.
Nos Campionatos federados de tenis de mesa lógranse 15 podios.
Acádase a prata obsoluta na Copa Diputación **1994** de tenis de mesa.

Fomos cuartos na Carreira Pedestre Popular **1994** de Santiago.
Acúdese ó Campionato de España Infantil **1994** de tenis de mesa femenino de Tarragona; o equipo xoga con Ana María Pérez Martínez e Montserrat Pérez Lata.
O podio foi de ouro co Equipo Alevín Femenino: Ana María Pérez Martínez e Montserrat Pérez Lata, no Campionato de España **1994** de tenis de mesa de Puerto Real-Cádiz.
Acudimos, por primeira vez, con chandals iguais tódolos componentes do equipo.
Na Liga de Primeira División Femenina: terceiros.
Na Liga de Terceira División Masculina: subcampións.

## 1995

Oito podios Provinciais gãñanse nos Xogos Escolares **1995**.
Catro podios gañanse nos Xogos Escolares da Fase Galega.
Conquírese o bronce por Centros na Carreira Pedestre Popular **1995** de Santiago de Compostela.
Dos Campionatos federados galegos traemos 39 podios de tenis de mesa.
Na Liga de Primeira División Nacional Femenina somos cuartos.
Na Liga de Terceira División Masculina somos subcampións.
O bronce foi o premio no Campionato de España Infantil **1995** de tenis de mesa femenino por Equipos; integran o Equipo: Ana María Pérez Martínez, Noelia Iglesias Quiroga e Montserrat Pérez Lata, celebrado en Piedras Blancas-Asturias.
Do Campionato de España Alevín **1995** de tenis de mesa femenino, feito en Almendralejo-Badajoz, traemos 3 ouros: Equipos: Ana María Pérez Martínez e Noelia Iglesias Quiroga; dobles: Ana María e Noelia e individual: Ana María Pérez Martínez.
Celébrase o trofeo entroido **1995** de tenis de mesa nas categorías: alevín, infantil, cadete, xuvenil e senior.

## 1996

Son 5 os podios provinciais do deporte escolar **1996** e 2 podios os acadados na fase galega.
Bronce: na Carreira Pedestre Popular **1996** de Santiago por Centros.
Ouro na Copa da Diputación **1996** de tenis de mesa.
Participamos nas carreiras populares de Negreira, Narón e para menores de Santiago **1996**.
Os irmáns Vieito Tosar –Julio(4º) e Santiago(3º)-,participan na Fase Galega Escolar **1996** de campo a través.
Nas categorías federadas de tenis de mesa fixemos 68 podios.
Na Liga de Primeira División Nacional de Tenis de Mesa fomos subcampións.
Debútase na Segunda División Nacional Femenina de Tenis de Mesa, sendo campións.
Na Primeira Categoría Provincial Masculina somos terceiros.

No Campionato de España Infantil Femenino **1996,** celebrado en Coslada-Madrid ouro por equipos: Ana María, Noelia e Montserrat; en doble mixto bronce: Ana María con Adriá Ardenuy de Cataluña), en doble femenino ouro: Ana María e Monserrat e en individual femenino bronce: Ana María Pérez Martínez.

En Vilanoba i La Geltrú-Barcelona, somos bronce no Campionato de España Alevín **1996** de tenis de mesa en Equipos Femeninos: Sonia Blanco Iglesias, Silvia Gesto Mourelle, Araceli Liñares Domínguez e Olalla Domínguez Queijo, bronce en dobles: Silvia e Sonia e ouro: Silvia Gesto Mourelle en individual; o Equipo Masculino intégranno: Anxo Tarrío Rey, José García Cancela e Andrés Fajín Guerra.

Silvia Gesto Mourelle foi internacional co equipo de España Alevín.

Ana María Pérez Martínez, participou coa Selección Española Infantil **1996** de tenis de mesa no Open Internacional de España para Jóvenes **1996** no mes de maio no Pavelló Municipal d´Esports Val d´Hebrón, instalación olímpica de Barcelona 1992.

## 1997

Nos Xogos Escolares Provinciais **1997,** fomos podio 7 veces.

Na fase galega do deporte escolar: 3 podios, destacando o ouro en campo a través conquerido en Castro de Rei-Lugo; componentes do equipo gañador son: Rafael Conde García, Santiago e Julio Vieito Tosar, Marcos Liñares Domínguez, Alberto Ares Germil e Andrés Baleado Conde. En atletismo acádase a prata na Carreira Popular **1997** de Santiago.

Participase en Negreira na súa Carreira Popular **1997**.

No Campionato provincial **1997** de atletismo en pista gáñanse 6 medallas no estadio de atletismo de Santiago de Compostela.

En tenis de mesa federado temos: 55 podios en Campionatos galegos e torneos estatais **1997**.

Participamos no torneo nadal **1997** de tenis de mesa orgaízado polo Concello de Muros en Esteiro.

No Campionato de España Alevín **1997** de tenis de mesa femenino en Armilla-Granada: podio de ouro para o Equipo Femenino: Silvia Gesto Mourelle, Olalla Domínguez Queijo e Araceli Liñares Domínguez; no doble femenino: bronce para Silvia Gesto e Olalla Domínguez; en individual femenino: bronce para Silvia Gesto. O Equipo Masculino obtén o bronce: Anxo Tarrío Rey, José García Cancela e Andrés Fajín Guerra.

No Campionato de España Infantil **1997** de tenis de mesa femenino en Villarrobledo-Albacete: ouro para o Equipo Femenino: Ana María Pérez Martínez, Silvia Gesto Mourelle, Noelia Iglesias Quiroga e Sonia Blanco Iglesias; ouro en doble mixto: Ana María Pérez e Sergio García de Castela-A Mancha; prata en doble femenino: Ana María Pérez e Noelia Iglesias e ouro individual femenino: Ana María Pérez Martínez.

No Campionato de España Xuvenil **1997** de tenis de mesa femenino en Villarrobledo-Albacete: ouro para o Equipo Femenino: Silvia Gesto Mourelle, Ana María Pérez Martínez, Montserrat Pérez Lata, Sonia Blanco Iglesias e

Noelia Iglesias Quiroga. En individual femenino: bronce para Ana María Pérez Martínez.

**A AGRUPACIÓN DEPORTIVA DUBRATAMBRE convírtese na primeira e única Entidade polo intre do tenis de mesa español que conquire os tres títulos das categorías base na mesma temporada de competición.**

Ana María Pérez Martínez, integra o Equipo Español Infantil de tenis de mesa que participa no 7ampeonato de Europa de Xóvenes **1997** na localidade eslovaca de Topolcany.

## 1998

Na Carreira Pedestre Popular **1998** de Santiago acádase a prata tanto en nenas coma en nenos.
Particípase na Carreira Popular **1998** de Negreira con 3 podios.
Nas fases Provinciais Escolares **1998** de campo a través acádanse: 8 podios benxamíns, 8 podios alevíns e 12 podios infantís. Na fase provincial de atletismo en pista: 3 podios infantís.
En tenis de mesa escolar **1998**: 2 ouros provinciais infantís, 2 ouros provinciais alevíns e 2 ouros galegos infantís.
A nivel federado **1998**: 33 podios alevíns, 28 podios infantís e 16 podios subvenís.
No Campeonato de España da Xuventude **1998** en Palma de Mallorca: Ana María Pérez Martínez foi prata e Montserrat Pérez Lata foi bronce.
En Palencia, Campionato de España Alevín **1998** de tenis de mesa femenino: bronce doble femenino: Ana Ríos Gil e Olalla Domínguez Queijo; en individual femenino, bronce: Ana Ríos Gil, integran tamén o Equipo: Belem Puga Quintans e Sonia García Suárez.
No Campionato de España Infantil **1998** de tenis de mesa femenino en Armilla-Granada; bronce no doble femenino: Olalla Domínguez Queijo e Araceli Liñares Domínguez; son integrantes do Equipo: Silvia Gesto Mourelle e Sonia Blanco Iglesias.
No Campionato de España Xuvenil **1998** de tenis de mesa femenino en Armilla-Granada, bronce en Equipos: Silvia Gesto Mourelle, Olalla Domínguez Queijo, Araceli Liñares Domínguez, Sonia Blanco Iglesias, Montserrat Pérez Lata e Ana María Pérez Martínez. No doble mixto, bronce para Ana María

Pérez e Sergio García de Castela-A Marcha e no doble femenino, bronce para Ana María Pérez e Montserrat Pérez.

## 1999

A escola de atletismo participa na Carreira Popular **1999** de Negreira e trae 1 podio benjamín, 2 podios alevíns e 1 podio infantil. Na Carreira Pedestre Popular **1999** de Santiago fomos bronce por entidades deportivas.
Partícipase en Ferrol na Carreira Volta á Ría **1999**.
En Dumbría corremos na súa carreira popular **1999** con 8 podios; en Vilagarcía de Arousa participamos na carreira Perla de Arousa con 5 podios.
Nas carreiras de campo a través provincial **1999**: 16 podios comarcais; 9 intercomarcais e 1 provincial. Partícipase en Ourense na Fase Galega de Campo a Través: Álvaro Gil, José García e Santiago Vieito. Foi ouro en 1000 metros: José García Cancela na fase provincial de atletismo en pista e prata na fase galega de Santiago de Compo0stela.
A escola de tenis de mesa xoga o torneo primavera **1999** de tenis de mesa, suben ó podio: ouro, Ana María Pérez, prata: José García e bronce Olalla Domínguez.
Obtense a prata na Copa Diputación de A Coruña **1999** en Narón.
No Campionato provincial alevín federado **1999** xogado en Ferrol: 5 podios; no infantil: 8 podios e no Xuvenil: 5 podios.
En San Sebastián xogámo-lo torneo estatal zonal norte **1999** con 3 podios; no torneo dos mellores xogadores galegos en Poio: 11 podios; no Campionato galego infantil federado en Vigo: 8 podios; no xuvenil: 5 podios.
En Motril-Granada, Ana María Pérez é 5ª no torneo de España **1999**.
Nos Campionatos provincial e galego escolares **1999**: 6 podios de campións; no Campionato galego benxamin federado en A Coruña: 1 podio; no alevín: 8 podios; no torneo das mellores xogadoras de España de Calella-Barcelona: Ana Ríos 5ª, Belem Puga 13ª, Olalla Domínguez 5ª, Araceli Liñares 4ª e Ana María Pérez 5ª das súas categorías correspondentes.
No Campionato Estatal de Liga **1999** de Terceira División Masculina: ouro; no Campionato Estatal de Liga de Segunda División Femenina: ouro e no Campionato Estatal de Liga de Primeira División Nacional Femenina: ouro e promoción á Superdivisión Absoluta Estatal.
Partícipase no Campionato de España Alevín Femenino de tenis de mesa **1999** en Cassá de La Selva-Girona: Ana Ríos Gil, Sonia García Suárez e Belem Puga Quintans.
En Luarca-Asturias xogámo-lo Campionato de España Infantil e Xuvenil **1999** de Tenis de Mesa Femenino: Araceli Liñares, Olalla Domínguez e Ana María Pérez –só en xuvenil-.

## 2000

Podios acadados pola Escola de Atletismo **2000**

| Fase | Benxamín | Alevín | Infantil | Cadete |
|---|---|---|---|---|
| Comarcal | 4 | 4 | 7 | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Intercomarcal | 3 | 2 | 4 | 1 |
| Provincial | | | 3 | 1 |
| Galega | | | 1 | |

Na Fase Galega de Campo a Través **2000**, A Estrada, o equipo infantil masculino acadou o bronce: Martín Fraga Chan, José Antonio Noya Muíño, Luís Miguel Feito Mirás, Alvaro Gil Vilacoba, Francisco Javier Baña Grela e Javier Antelo Vázquez.
José García Cancela corríu en Madrid o Campionato de España **2000** de Campo a Través, acadou o posto 42.
Na Fase Provincial de Atletismo en Pista **2000**: José García Cancela foi ouro en 1000 metros. Na Fase Galega: Martín Fraga Chan foi 5º en 5000 metros e Luís Miguel Feito Mirás 6º en 1000 metros.
Participuose na Carreira Memorial Adolfo Ros **2000** en Narón; no Campo a Través de Fisterra con 9 podios; na Carreira de Xan Xiao en Ferrol con 7 podios; na Carreira Pedestre Popular de Ordes; na Carreira de Negreira con 4 podios e na Carreira Popular de Val do Dubra en Bembibre.

A Escola de Tenis de Mesa acada os Podios seguintes no Deporte en idade Escolar **2000:**

| Fase | Alevín | Infantil | Cadete |
|---|---|---|---|
| Intercomarcal | 3 | 2 | 2 |
| Provincial | 3 | 2 | |
| Galega | | 2 | |

Podios acadados coma Entidade Federada **2000**:

| Fase | Benxamín | Alevín | Infantil | Xuvenil | Absoluto | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Provincial | | 1 | 6 | 4 | 3 | 14 |
| Galega | 2 | 7 | 12 | 12 | 4 | 37 |
| Estatal | | 1 | 1 | 5 | | 7 |
| TOTAL | 2 | 9 | 19 | 21 | 7 | 58 |

Os resultados acadados nas Competicións de Ligas Estatais **2000** foron de ouro e as súas correspondentes Fases de Ascenso ás respectivas categorías superiores cos equipos participantes en Primeira División Femenina, Segunda División Femenina e Terceira División Masculina.
Benxamíns foron: Susana García Cancela: 3 podios e Alejandro Iglesias Pontes con 3.
Alevíns: Alba Nieto Turnes: 5 podios; Iria Nieto Turnes: 5; Eva Martínez Nieto: 1 podio; Jorge García García: 5; Iván Casal Carracedo: 2 podios.
Infantís: Olalla Domínguez Queijo: 16 podios; Ana Ríos Gil: 11; Belem Puga Quintáns: 10; Sonia García Suárez: 8; Diego Barrio Iglesias: 3; Luís Miguel Feito Mirás: 6 e Martín Fraga Chan: 9 podios.
Xuvenís: Ana María Pérez Martínez: 18 podios; Araceli Liñares Domínguez: 11 e José García Cancela: 4 podios.
Faise o Torneo Primavera **2000** cos resultados seguintes: ouro: Ana María Pérez Martínez; prata: José García Cancela e bronce: Martín Fraga Chan.
Participase por vez primeira no Campionato de España Benxamín **2000** de Tenis de Mesa en Torelló-Barcelona, participan: Susana García Cancela e Alejandro Iglesias Pontes. Tamén en Torelló-Barcelona xogámo-lo Campeonato de España Alevín **2000** de Tenis de Mesa; o Equipo Femenino: Susana García Cancela, Iria Nieto Turnes e Alba Nieto Turnes; en doble femenino somos

bronce: Iria e Alba Nieto Turnes. Participa tamén o Equipo Masculino: Alejandro Iglesias Pontes e Jorge García García.
En Armilla-Granada, participamos no Campionato de España Infantil e Xuvenil **2000** de tenis de mesa femenino: Equipo Infantil: Belem Puga Quintans, Ana Ríos Gil e Olalla Domínguez Queijo; Equipo Xuvenil: Ana María Pérez Martínez, Araceli Liñares Domínguez, Olalla Domínguez Queijo, Ana Ríos Gil e Belem Puga Quintans; Ana María Pérez Martínez e Olalla Domínguez Queijo son bronce en dobles xuvenís e tamén bronce foi Ana María Pérez en individual xuvenil.

## 2001

A escola de atletismo consegue na actividade do Deporte en Idade Escolar **2001**:

| Fase | Benxamín | Alevín |
|---|---|---|
| Comarcal | 4º Equipos | 1ºEquipo Masculino<br>2ºEquipo Femenino |
| Intercomarcal | 2ªTania Barcia<br>2ºEquipo Masculino<br>2ºEquipo Femenino | |

Particípase na Carreira Popular **2001** de Bertamiráns cos seguintes resultados:

| Podio | Benxamín | Alevín | Infantil | Cadete |
|---|---|---|---|---|
| Ouro | | | | 1 |
| Prata | 2 | 1 | | |
| Bronce | | | | 1 |

No parque do Ancoradoiro-Muros, participamos na proba de campo a través **2001**: Foi prata cadete: José García Cancela e bronce cadete: Luís Miguel Feito Mirás.
Na Carreira Pedestre Popular **2001** de Santiago de Compostela o Equipo Masculino foi oitavo e o Equipo Femenino acadou o noveno posto.
En Madrid, participamos na Carreira San Silvestre Vallecana **2001**: José García Cancela quedou de 103 entre 10.000 participantes; Rafael Conde García foi 165; Luís Miguel Feito Mirás foi 339 e Álvaro Gil Vilacoba chegou de 1304.
A escola de tenis de mesa participa en Peñaranda de Bracamonte-Salamanca no programa de talentos deportivos **2001** con Alejandro Iglesias, Ivan Casal, Susana García, Tania Barcia, Maricarmen Vilacoba e Iria Noela Germil.
Na actividade do Deporte en Idade Escolar **2001** de tenis de mesa:

| Fase | Alevín | Infantil |
|---|---|---|
| Provincial | 1ºEquipo Femenino<br>1ºEquipo Masculino | 1ºEquipo Femenino<br>1ºEquipo Masculino |
| Galega | | 1ºEquipo Femenino |

Na actividade de deporte federado **2001** de tenis de mesa:

| Fase | Benxamín | Alevín | Infantil | Xuvenil | Sub.21 | Adsoluto |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Galega | 2ª Tania Barcia | 1º Equipo Femenino 2º Equipo | 1º Equipo Femenino 1º Equipo | 1º Equipo Femenino 2º Equipo | 1º Ana María Pérez | 1º Equipo Femenino 1ªIF Ana María |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Masculino<br>1º<br>Alejandro Iglesias<br>1º<br>Susana García<br>2ª<br>Iria Noela Germil | Masculino | Masculino | | Pérez<br>1ªDF<br>Ana María Pérez-Julia Parra<br>2º<br>Equipo Femenino<br>2ªIF<br>Julia Parra<br>2ªD<br>Ana Ríos -Belem Puga<br>2ºDX<br>Olalla Domínguez-Roberto<br>3ªDF<br>Araceli Liñares-Olalla Domínguez |
| Zonal Estatal | | 1ª<br>Susana García<br><br>3º<br>Alejandro Iglesias | 2ª<br>Ana Ríos<br><br>3ª<br>Belem Puga | 2ª<br>Araceli Liñares<br><br>3º<br>Luís Miguel Feito<br>3ª<br>Olalla Domínguez | 1ª<br>Ana María Pérez | |
| Final Estatal | | | | | 1ª<br>Ana María Pérez | |
| Top Galego | | | | | | 1ª<br>Olalla Domínguez<br>2ª<br>Ana Ríos |
| Top Estatal | | 12ª<br>Susana García | 11ª<br>Ana Ríos | 7ª<br>Olalla Domínguez | 2ª<br>Ana María Pérez | |

Campionatos de España de Tenis de Mesa **2001**:

| Sede | Benxamín | Alevín | Infantil | Xuvenil | Sub.21 |
|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Motril, Granada | 5ª Tania Barcia | 6º Equipo Femenino: Susana García, Iria Noela Germil, Tania Barcia Bronce: DF Susana García- Iria Noela Germil | | | Bronce: Equipo Femenino: Julia Parra, Ana Mª Pérez, Tania Barcia, Susana García, Iria Noela Germil Bronce: IF Ana María Pérez |
| Vilanova i La Geltrú, Barcelona | | | 5º Equipo Femenino: Belem Puga, Ana Ríos | 5º Equipo Femenino: Olalla Domínguez, Araceli Liñares, Ana Ríos, Belem Puga | |

Ligas Absolutas Estatais de Tenis de Mesa **2001**:

| TERCEIRA DIVISIÓN MASCULINA | SEGUNDA DIVISIÓN FEMENINA | PRIMEIRA DIVISIÓN FEMENINA |
|---|---|---|
| Promoción á Segunda Masculina | Ascenso á Primeira Femenina | Promoción Á Superdivisión Femenina |

A Revista Oficial da Real Federación Española de Tenis de Mesa, número 77, correspondente ó bimestre setembro-outubro de 2000, publica unha síntese histórica da AGRUPACIÓN DEPORTIVA DUBRATAMBRE na súa páxina número 14.

## 2002

Na Carreira Popular San Silvestre Vallecana **2002** de Madrid, o posto 85 de 10.000 participantes foi para José García Cancela; o posto 272 para Luís Miguel Feito Mirás; o posto 2771 para Carlos Fraga Chan e o posto 2772 para Alejandro Iglesias Pontes.
Por Equipos Escolar foise oitavos na Carreira Pedestre Popular **2002** de Santiago de Compostela.
Particípase na Carreira Popular de Ordes 2002 e tamén no Campo a Través da Festa do Socorro **2002** de Esteiro.
Campo a través de deporte en Idade Escolar **2002**:

| Fase | Benxamín | Alevín |
|---|---|---|
| Comarcal | Ouro: Equipos | Ouro: Equipos |

| | | |
|---|---|---|
| | Ouro:<br>Tania<br>Barcia Fernández | Ouro:<br>Iván<br>Barcia Fernández<br>Prata:<br>Sandra<br>Rey Louzán<br>Prata:<br>Carlos<br>Fraga Chan |
| Provincial | | Equipos |

Atletismo Intercomarcal do Deporte en Idade Escolar **2002**:

| Proba | Benxamín | Alevín | *Infantil* |
|---|---|---|---|
| 60 metros | Ouro:<br>Jorge Nazario<br>Blanco Villar<br>Ouro:<br>Tania<br>Barcia<br>Fernández<br>Bronce:<br>David<br>Corral Remuiñan | Prata:<br>Sandra<br>Rey Louzán | |
| 80 metros | | | *Ouro:*<br>*José Manuel*<br>*Fernández Tojo*<br>*Ouro:*<br>*Susana*<br>*García Cancela*<br>*Prata:*<br>*Noelia*<br>*Mato Señarís* |
| *1.000 metros* | *Outo:*<br>*Tania*<br>*Barcia Fernández* | | *Bronce:*<br>*José Manuel*<br>*Fernández Tojo* |

Na categoría alevín da Carreira Popular de Negreira **2002**, Carlos Fraga Chan foi bronce, cuarto foi Alejandro Iglesias Pontes e quinto clasificado Iván Barcia Fernández.

Na Carreira do Campionato do Mundo Universitario Escolar **2002**: ouro foi o Equipo Infantil: Iván Casal, Iván Barcia, Carlos Fraga, Fernando Suárez, Julio Fraga, Jorge García e José Manuel Fernández.

Carreira Popular do Milladoiro,Ames **2002**:

| Podio | Prebenxamín | Benxamín | Alevín | Infantil | *Cadete* |
|---|---|---|---|---|---|
| Ouro | Pilar<br>Cancela<br>Patiño,<br>Ismael<br>Mato Señarís | María<br>Mourelle<br>García | Tania<br>Barcia<br>Fernández | | |
| Prata | Diego | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Carracedo Conde | | | | |
| Bronce | Rosa Arnejo Cabeça, Adrián Vilacoba Noya | Martín García García | Martín Vilacoba Noya | José Manuel Fernández Tojo | |
